

ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR NAIS/PAIS/ REPRESENTANTES LEGAIS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous/dúas nai/pais/representantes legais**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar.
2. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e á nai, ou, se é o caso, aos representantes legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que, a partir do 30 de outubro de 2024, está dispoñible na Secretaría do centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os representantes legais, que presenten candidatura do 30 de outubro de 2024 ao 11 de novembro (ata as 13:00 horas) mediante formulario normalizado dispoñible na Secretaría e/ou na web do centro.
4. A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e catro nais/pais/representantes legais, designados por sorteo entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario/a o/a de menor idade. A Xunta Electoral realizará o sorteo dos membros da mesa electoral o luns 11 de novembro.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 18 de novembro de 2024, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais/representantes legais do alumnado matriculado no centro avalados para iso pola sinatura de 10 electores.
7. **As votacións realizaranse o día 19 de novembro, de 16:15 a 19:00 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:00 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un** nome da lista de candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento acreditativo. O voto será directo, secreto e non delegable (nin por correo).
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ponteceso, 28 de outubro de 2024
A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL
Asdo.: Clara I. Regueira Villar